

TRAIL E ANDAINA SOLIDARIA

“CAMIÑANDO POLO DANO CEREBRAL”

REGULAMENTO

1. ORGANIZACIÓN

A Federación Galega de Dano Cerebral coa colaboración de: Federación Galega de Atletismo – Delegación en Ourense, Concello de Ourense – Consello Municipal de Deportes, Concello de O Pereiro de Aguiar, Deputación de Ourense – INORDE e o patrocinio da Xunta de Galicia – Xacobeo 21•22, organizan o **Trail e Andaina Solidaria “Camiñando polo Dano Cerebral”**, que se celebrará o domingo, 12 de setembro de 2021 a partir das 09:30 h., con saída e meta na Pista de Atletismo do Campus Universitario de Ourense.

2. PARTICIPANTES

2.1 Participantes Trail

Na modalidade Trail poderán participar todas aquelas persoas maiores de 18 anos (o día da proba) que o desexen, federadas ou non federadas, sempre que estean inscritas nos prazos e formas establecidos ao efecto pola Organización.

2.2 Participantes Andaina

Na modalidade Andaina poderán participar todas aquelas persoas maiores de 16 anos (o día da proba) que o desexen, sempre que estean inscritas nos prazos e formas establecidos ao efecto pola Organización.

3. CATEGORÍAS

Na modalidade de Trail establécense as seguintes categorías:

CATEGORÍA	IDADE
SÉNIOR Homes/Mulleres	18 a 44 anos
MÁSTER Homes/Mulleres	>45 anos

4. INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse a través da web <https://www.carreirasgalegas.com/> entre o 21 de xuño e o 7 setembro de 2021 ás 23:59 h.

Prezo inscrición Trail: 10€

Prezo inscrición Andaina: 5€

5. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS

Os dorsais e chips serán entregados o mesmo día da proba na Pista de Atletismo do Campus de Ourense en horario de 08:00 a 09:00.

6. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Todos os participantes deberá presentar un documento que atoparan ao final deste regulamento, ANEXO II, para indicar que nos 14 días previos non percibiu en si mesmo síntomas compatibles co COVID-19. Terá que cubrir, asinar e entregar este documento impreso á recollida do seu dorsal. Importante: Sen a entrega do documento non se poderá participar no evento.

7. ZONA DE QUECEMENTO

O queceamento poderá facerse oficialmente no interior da Pista de Atletismo do Campus de Ourense, respectando aos demais usuarios e cumprindo a normativa en vigor en referencia á máscara, á distancia de seguridade entre deportistas e á hixiene de mans.

Non haberá servizo de gardarroupa.

8. MATERIAL OBRIGATORIO

O material obrigatorio, tanto para o Trail como para a Andaina, que se poderá controlar total ou parcialmente na saída, percorrido e meta é o seguinte:

- Dorsal e chip.
- Teléfono móbil operativo.
- Set de hidratación ou botella de auga.

9. SAÍDA

Todos/as os/as participantes deberán pasar obrigatoriamente por los corredores de acceso á zona de saída para o control de dorsal e material obrigatorio.

Dada a normativa sanitaria e protocolo Fisicovid – DXT Galego, a saída realizarase de xeito escalado, en grupos de 4 e cunha diferenza de 20 segundos por grupo. Ditos grupos quedarán definidos una vez pechada a inscrición e serán publicados con antelación.

Aqueles/as participantes que non se presenten puntuais á hora indicada para a súa saída sairán ao final de todos.

Estas medidas poderán ser modificadas, atendendo aos protocolos vixentes no momento de celebración da proba.

10. PERCORRIDO

MODALIDADE	HORA SAÍDA	DISTANCIA	DESNIVEL +
TRAIL	09:30	14,00 km.	500 m.
ANDAINA	10:00	8,56 km.	262 m.

11. AVITUALLAMENTOS

Na modalidade de Trail a Organización disporá dun avituallamento líquido ubicado aproximadamente á metade de carreira e dun avituallamento líquido e sólido en meta.

Na modalidade Andaina a Organización disporá dun avituallamento líquido e sólido en meta.

12. DESCUALIFICACIÓNS

Será obrigatorio cumprir o protocolo para o desenvolvemento da proba.

Todo/a aquel/a que non o cumpra poderá ser descualificado (incluso antes de comezar a competición).

Non se permite:

- Correr xusto tras outro/a participante a unha distancia inferior a 1,5 m.
- Adiantar a outro/a participante a menos de 1,5 metros de distancia lateral.
- Incumprir o protocolo Anti COVID-19 da proba.
- Non levar axeitadamente o dorsal e/ou o chip.
- Non realizar o percorrido completo.
- Manifestar un mal estado físico evidente.

O persoal de Organización, está facultado para retirar xustificadamente da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente.

Todo/a aquel/a corredor/a descualificado/a recibirá unha máscara e deberá retirar o seu dorsal e abandonar o circuíto inmediatamente.

13. SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS

Haberá servizo de ambulancia e médico.

Todas as persoas participantes estarán cubertas cunha póliza de "Seguro de Responsabilidade Civil" e dun "Seguro de Accidentes".

14. META

Na liña de meta, os/as participantes recibirán unha máscara que deberán colocar tan pronto como sexa posible.

15. RECLAMACIÓNS

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao Xuíz Árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

16. PREMIOS

Na modalidade de Trail entregarase un trofeo aos 3 primeiros/as clasificados de cada categoría establecida no presente regulamento.

17. NORMATIVA

Na modalidade de Trail, para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.